



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2011

Ás 10.10 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**, xustifica a súa ausencia o Sr. Alejandro Castro Brandariz.

1. Informe do reitor

Tras a comprobación do quórum legal para realizar a sesión, o reitor dá paso ao seu informe, comezando, en primeiro lugar, pola realización das eleccións a Decano da Facultade de Economía e Empresa, en que resultou escollido por ampla maioría o doutor Anxo Ramón Calvo Silvosa, a quen felicita polo apoio acadado no maior centro da nosa Universidade.

En segundo lugar, informa da remisión da documentación requirida pola Xunta de Galicia sobre o denominado *Plan de Sostibilidade*, e remite á posterior intervención do vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica para maior información.

En terceiro lugar, informa de que o día 29 de decembro tivo lugar unha sesión do Consello Galego de Universidades, a que se levaron distintos asuntos relativos á CIUG, e ao Consorcio de Bibliotecas de Galicia. Igualmente, o 21 de decembro tivo lugar unha reunión do Consello Social da UDC, en que se aprobaron os orzamentos da UDC para 2011, con dúas abstencións.

O reitor deu conta da publicación de dous reais decretos, de estudantes e de estudos de doutoramento, que obrigarán a actualizar a nosa normativa propia.

Para satisfacer unha das prioridades do traballo do equipo de goberno, infórmase das reunións desenvolvidas polo comisionado para o CEI nos distintos centros de cara ao artellamento dunha proposta sólida, consensuada e abranxente. Dá conta tamén da reunión dos reitores da RESOE o día 11 de febreiro, destinada a coordinar a proposta conxunta de CEI.

O 21 de febreiro reuniuse a comisión sectorial tecnolóxica da CRUE, en que se achegou o borrador dun anteproxecto de Lei de servizos profesionais, que se prepara no Ministerio de Economía para liberalizar no actual contexto económico a prestación de tales servizos. Dá conta tamén o reitor do informe



do Consello de Estado respecto do Mestrado de Avogacía e Procura, e a entrada en vigor da Lei 34/2006, do 30 de outubro, sobre acceso ao exercicio das profesións de avogado e procurador dos tribunais o vindeiro 1 de novembro de 2011, tras a consumación da *vacatio legis* de 5 anos.

O reitor informa sobre a estimación parcial do recurso de alzada presentado pola UDC en xuño de 2010 sobre a denegación da condición de BIC a Ferrol Vello, congratulándose da aceptación do recurso por parte da Consellaría de Cultura e Turismo, que supón a declaración de BIC na categoría de conxunto histórico. Tamén dá conta da negociación do convenio anual da UDC coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, en que se produciu unha redución do 30%. Para este ano, o financiamento será de 42.000 €, fronte aos 60.000 € do ano 2010. Anúnciase a integración da UDC no padroado da Fundación Uxío Novoneyra.

O reitor remata o seu informe recordando a convocatoria do Claustro para o 25 de marzo, e a convocatoria, por vez primeira, de eleccións a valedor universitario. A convocatoria foi publicada por Resolución reitoral do 15 de febreiro, tras o acordo da Mesa do Claustro do día anterior. O reitor indica que os actos relativos a este importante Claustro estarán ao dispor de toda a comunidade universitaria na web da UDC.

Pola súa parte, o vicerreitor de Cultura e Comunicación destaca que o pasado día 7 de febreiro se inaugurou *Normal*, centro de intervención cultural da UDC. Lembra tamén que hoxe remata o prazo para solicitar cursos de verán.

O vicerreitor de Profesorado destaca que, desde o último Consello de Goberno ordinario, se asinou o II Convenio Colectivo do PDI laboral. Tamén houbo que convocar dúas prazas por procedemento de urxencia para cubrir docencia na Escola de Náutica. Indícalles aos membros do Consello de Goberno que está ao seu dispor a memoria de ano sabático presentada por D. Miguel Simón.

A vicerreitora de Investigación comeza informando de que tivo lugar unha reunión co secretario xeral de Universidades sobre BUGALICIA en que se percibiu un claro cambio de actitude: fronte á drástica redución anunciada, agora parecen estar dispostos a facer un esforzo orzamentario para manter a achega da Xunta de Galicia. Pediron tamén que as universidades fixesen un esforzo de negociación coas editoriais, mais unha vez feitas as pertinentes negociacións, non hai moita marxe de manobra, dada a situación de crise económica xeneralizada, que esgota a marxe de negociación dos distintos provedores. Tamén sinala que o novo Real decreto de doutoramento determina a necesidade de adaptármonos a nosa normativa, cousa que se fará nun



vindeiro Consello de Goberno, cando se despexe a dúbida de se a Xunta vai facer un desenvolvemento normativo propio. A vicerreitora adianta igualmente que están a desenvolverse conversas coas outras universidades galegas para unificar criterios sobre os programas de doutoramento no novo marco normativo. Esta liña xa se está a concretar na reunión das universidades implicadas no CEI do Mar para regular un programa de doutoramento xa adaptado. Informa da tramitación do doutoramento interuniversitario solicitado pola Facultade de Humanidades baixo o impulso de Antonio Bereijo. Respecto da tradución dos formularios de busca da web da biblioteca universitaria, sinala que se negociou con REBIUN para facer unha tradución das pantallas ao galego.

O Vicerreitor de Ferrol informa que o pasado 31/01/2011 reuníronse en Ferrol os Xurados dos VII Premios de Investigación “González Llanos” e “Concepción Arenal”. Estes premios convócanse cada ano polo Concello de Ferrol e a UDC. Foron premiados no “González Llanos” de Enxeñaría Naval os investigadores Francisco Pérez Arribas e José Antonio Suárez Suárez da Universidade Politécnica de Madrid autores do traballo titulado: Un método para la generación paramétrica de formas del casco de un buque mediante superficies B-spline. Canto ao Premio “Concepción Arenal” de Humanidades foi premiado o investigador Manuel-Reyes García Hurtado polo traballo titulado: Soldados sin historia. Los prisioneros de guerra en España y Francia a finales del Antiguo Régimen. Estudio de la Guerra de la Convención y fuentes para el periodo 1793-1815. Manuel-Reyes, profesor da Facultade de Humanidades e Director do Departamento de Humanidades e membro deste Consello de Goberno polo tanto parabéns pola consecución deste premio. A entrega dos premios relizarase o próximo 28/02/2011 no Concello de Ferrol.

O Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica informa que se presentou xa perante a Xunta a primeira proposta de plano de sustentabilidade, baseada nas Liñas Xerais da Programación Plurianual 2011-13 e no Orzamento e POA 2011. Ademais, da conta da emisión por parte da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do informe solicitado sobre a posibilidade de contratar traballos de carácter técnico con profesores da propia UDC, no que se confirma a existencia de incompatibilidade. Por último, informa que desde o anterior Consello de Goberno a Vicerreitoría de Estratexia e Planificación Económica imputou ao exercicio corrente obrigas xeradas no exercicio 2010 por importe de 53.550,18 euros no expediente V-0001-11 e de 177.208,90 € no V-0002-11, e a Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno na súa sesión do 8 de febreiro validou expedientes de gasto e os imputou a créditos de 2011 por importe de 639.707,93 euros no expediente C-0001-11.



A xerente informa sobre o estado de tramitación dos distintos procesos selectivos de persoal.

Na súa quenda de informe, o secretario xeral toma a palabra para indicarlles aos membros do Consello de Goberno que, pese á reiteración das advertencias feitas nos Consellos de Goberno do 22 de xullo e do 4 de outubro a D. Xosé Portela, este volveu remitir a documentación correspondente á presente sesión do Consello de Goberno a todo o PAS da Universidade da Coruña. Tal comportamento vulnera o artigo 7 do Regulamento interno do Consello de Goberno, aprobado por este na súa sesión do 16 de marzo de 2005, de conformidade co cal a convocatoria, que inclúe a documentación, é notificada individualmente aos membros do Consello de Goberno, mais nin é pública, nin pode ser difundida publicamente, especialmente no caso de que conteña datos de carácter persoal dos solicitantes dos distintos procedementos sometidos á aprobación do Consello de Goberno. En consecuencia, o secretario xeral anúncialle a Xosé Portela que lle dará instrucións á Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías para prohibirlle a remisión desta documentación a través da lista de PAS.

2. Aprobación, se proceder, das actas da sesión ordinaria do 21 de decembro de 2010 e da sesión extraordinaria de 21 de xaneiro de 2011

Tras a lectura das actas, que estiveron a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade, apróbanse as actas.

Jordi Delgado solicita intervir para agradecer o cambio de criterio da Secretaría Xeral sobre a publicación previa do borrador da acta do Consello de Goberno.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en convenios marco (4), convenios específicos (19) e convenios para prácticas (41) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbase por asentimento.



4. Actualización dos membros da Comisión de Bibliotecas

A vicerreitora de Investigación explica a existencia dunha vacante, e propón elixir o vicedecano José María Mesías Lema (Fac. de Ciencias da Educación) mentres non expire o mandato.

Igualmente, indica a necesidade de renovación dos alumnos integrantes da Comisión de Bibliotecas cada dous anos, conforme ao Regulamento de Bibliotecas. A proposta de novos membros, consensuada cos representantes de alumnos no Consello de Goberno, é a seguinte: José María Castrillo Neira (arquitectura), Amelia Fraga Mosquera (estudiante de doutoramento), Luis Miguel Puente Castelo (estudiante de doutoramento) Alejandro Castro Brandariz (EUP Serantes).

Acéptase a proposta por asentimento.

5. Títulos propios de posgrao

Neste punto, a vicerreitora de Organización Académica trae unha solicitude de renovación que estaba pendente, a do Mestrado en Bioética, que é aprobada por asentimento e figura como **anexo IV**.

6. Premio Extraordinario de Licenciatura de Alba María Estraviz Fernández

Tras un debate sobre a proposta, acórdase reiterarlle ao tribunal de valoración do premio extraordinario a necesidade de que se exterioricen os motivos académicos que levan a denegar a concesión do premio á solicitante, nos termos xa acordados polo Consello de Goberno de 22 de xullo de 2010.

7. Prazas de profesorado

O vicerreitor de Profesorado informa da propostas das prazas de PDI funcionario, as de PDI contratado así como do cadro de Promoción do Persoal Docente e Investigador Acreditado que figuran nos cadros distribuídos ao Consello de Goberno.

As propostas e o cadro de Promoción do Persoal Docente e Investigador Acreditado apróbanse por asentimento e figuran, respectivamente, como **Anexos V e VI e VII** da presente acta.



O profesor Xosé Casabella solicita aclaración sobre as diferenzas de acceso entre os profesores preestatutarios (concurso de méritos) e os profesores postestatutarios (oposición con tres exercicios). Replica o vicerreitor que tal diferenza se sustenta nun acordo do Claustro do ano 2004, que aprobou un tratamento diferenciado para quen cumpría os requisitos das disposicións transitorias dos Estatutos da UDC.

8. Tribunais das prazas de profesorado funcionario

Apróbanse e incorpóranse como **anexo VIII**.

9. Licenzas

Apróbase a solicitude presentada, que figura no **Anexo IX**.

10. Cambios de dedicación

Apróbase o cambio de dedicación de Antonio Montoto que figura como **anexo X**.

11. Venias docentes

Apróbanse dúas venias docentes con informe favorable do departamento correspondente, que figura como **anexo XI**.

12. Adhesión da UDC á rede de bibliotecas lectoras

O vicerreitor de Cultura e Comunicación expón que se trata dunha rede de ámbito internacional, cuxa adhesión ofrecerá unha plataforma idónea para estimular a lectura e escritura na ciencia superior. O vicerreitor propón a Héctor Pose como coordinador da UDC na rede.

Apróbase a adhesión e o nomeamento de Héctor Pose como coordinador da UDC para a rede de bibliotecas lectoras.

13. Aprobación das contías e carga semanal das bolsas de formación

En aplicación do artigo 22 do Regulamento, e tras o acordo da Comisión de Extensión Universitaria para racionalizar a contía e a carga (baixa a 8 horas como máximo), proponse aprobar a proposta que figura no **Anexo XII**

Apróbase por asentimento.



14. Proposta de cambio de denominación da Escola Universitaria de Enfermaría e Podoloxía

Apróbase por unanimidade a proposta, que figura como **anexo XIII**.

15. Proposta de modificación do Regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias da Comunicación

Apróbase a proposta, que figura como **anexo XIV**.

16. Quenda aberta de intervencións

Na quenda aberta de intervencións, Xosé Portela pide que se exprese claramente se se impide enviar a documentación do Consello de Goberno por internet. Pide igualmente información sobre o plano de sustentabilidade enviado á Xunta. Pregunta tamén se a Universidade de Vigo presentou o devandito plano á Xunta, pois na prensa leu que só o fixeran a UDC e a USC.

Sobre a residencia universitaria, Xosé Portela di que a comunidade universitaria ten que se pronunciar sobre o cambio de modelo de xestión da residencia universitaria. Critica as estadias de formación permanente do PAS, por parecer máis unhas vacacións pagadas nos tempos de austeridade que a sociedade demanda.

Solicita tamén información sobre a proposta de RPT laboral.

Jordi Delgado solicita información sobre a presunta reversión do dereito de uso do Pazo de Lóngora instada polo Concello de Oleiros, que aparece hoxe na prensa.

Teresa González Martínez interésase polas convocatorias dos procesos selectivos de PAS, e sobre o programa de vacacións do PAS. Tamén, critica enerxicamente a forma en que se tramitou o proceso de contratación dunha praza de especialista en xustificación de fondos FEDER, vinculada a un programa de axudas do Ministerio de Ciencia e Innovación.

O profesor Valderruten sinala a necesidade de mudar o acordo da Xunta de Goberno de 1992 sobre a equivalencia entre un non presentado e a dispensa de convocatoria.



Felipe Fernández pregunta se están resoltos xa os problemas de acceso ao Edificio da Normal, e se existen fondos documentais no soto do edificio.

En quenda de réplica, o reitor explica que tamén descoñecía a intención do Alcalde de Oleiros de solicitar a reversión do Pazo de Lóngora, sinalando que, ao seu xuízo, non parece proceder tal reversión, por estar sendo utilizado nestes momentos pola UDC, nos termos previstos no convenio de cesión gratuíta no seu día asinado co propio Concello de Oleiros.

No asunto da residencia universitaria, subliña que carecemos de información oficial do IGVS sobre o proxecto da residencia universitaria, e que cando a teñamos daremos conta ao Consello de Goberno.

Pola súa parte, o Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica confirma que tamén a Universidade de Vigo entregou unha proposta de Plano de Sustentabilidade, cun retraso mínimo.

En canto á RPT laboral, sinala que seguimos sen novidade, segundo o previsto, pendentos da aprobación pola Xunta de Galicia do devandito Plano e da autorización definitiva dos parámetros de gastos de persoal, pois por primeira vez este ano a autorización emitida en decembro non tiña tal carácter. Aproveita para lembrar que en todo caso o equipo de goberno da UDC presentou unha proposta de RPT laboral elaborada conxuntamente có Comité de Empresa e que despois foi rexeitada por este mesmo órgano, polo que considera que a responsabilidade de que non exista RPT non é do equipo.

Xosé Portela replica que a lexislación laboral esixe o informe do Comité, non a súa aprobación, polo que estima que o equipo de goberno ten a responsabilidade de non ter aprobado unha RPT aínda despois de manifestar o Comité de Empresa o seu desacordo.

O Vicerreitor móstrase completamente de acordo con Xosé Portela en que, con carácter xeral, o equipo de goberno debería ter elaborado unha nova proposta de RPT, tras ser rexeitarse a negociada. Pero lembra que na situación concreta vivida en 2010, coa aparición de serias restricións orzamentarias e incluso normativas (referentes á contratación de persoal), era sabido a mediados de ano, e manifestouse publicamente de xeito expreso e reiterado, que non habería marxe para elaborar unha proposta alternativa. O Vicerreitor insiste que, de feito, pouco despois de rexeitarse a proposta de RPT polas asembleas de traballadores recibíronse escritos da Xunta nos que se facía referencia á sustentabilidade financeira e se lembraba a vixencia da norma básica sobre a limitación da taxa de reposición ao 10% das vacantes. En consecuencia, en



tales circunstancias, subliña o vicerreitor que a responsabilidade de que non teñamos unha RPT laboral tan necesaria para a institución é de quen o impediu cando aínda era posible.

A vicerreitora de Estudantes replica a Xosé Portela sobre o programa de formación permanente do PAS, e ofrécese a falar co colectivo que se considere oportuno sobre o sentido do programa, que non é outro que comprobar *in situ* boas prácticas doutras universidades.

A vicerreitora de Investigación contéstalle a Teresa González que se trata dunha praza vinculada a unha axuda do Ministerio de Ciencia e Innovación, que trata de mellorar as prácticas de xustificación de fondos FEDER. Informouse sobre a praza no Consello de Goberno de 21 de decembro de 2010, e reitera que se trata dunha praza convocada conforme ao procedemento legalmente previsto, con total transparencia.

O vicerreitor de Cultura e Comunicación explica que, no caso da praza convocada na Oficina de Igualdade, tamén se trata dunha praza financiada por tres meses por un convenio coa Deputación da Coruña. Fíxose a convocatoria conforme aos procedementos previstos. Informa tamén o vicerreitor sobre os espazos da Normal, en especial sobre a Universidade Sénior.

A xerente manifesta a súa sorpresa pola valoración do PAS sobre o gasto das estadias dunha semana, pois non houbo ningunha queixa sobre a súa natureza, finalidade e xustificación. Informa tamén sobre o estado de tramitación da publicación das convocatorias.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12.45 h. De todo o anterior dou fe, como secretario, co visto e praxe do presidente.

O secretario xeral

Visto e praxe
O presidente

Carlos Amoedo Souto

José María Barja Pérez